

## **Condicións do Concurso de postais de Nadal 2024 “Nadal en Outes!”**

### **1.- Obxecto e finalidade**

O Concello de Outes, a través do Servizo de Normalización Lingüística (SNL), pon en marcha o IV Concurso de postais “O noso Nadal” co obxecto de promover o uso da lingua galega e fomentar a creatividade mediante a realización de postais de Nadal.

No concurso pode participar calquera persoa mediante a elaboración de postais que teñan que ver co Nadal. O obxecto de dito concurso é promover o uso do galego entre a poboación en xeral, e entre a mocidade e infancia, en particular, favorecer a transmisión interxeracional da lingua e fomentar a creatividade.

### **2.- Categorias e prazo de participación**

Poden concursar todas as persoas que o desexen, calquera que sexa a súa nacionalidade.

Para os e as menores de idade, no momento da entrega da postal cubrirase unha autorización do pai, nai ou titor/a legal.

Establécense as seguintes categorías:

- Categoría 1: de 3 a 7 anos
- Categoría 2: de 8 a 11 anos
- Categoría 3: de 12 a 17 anos

O prazo para a recepción de postais e textos estará aberto até o 19 de decembro de 2024.

As postais deben entregarse na Casa da Cultura.

A participación no concurso implica a aceptación das condicións.

### **3.- Requisitos e mecánica do concurso**

Os requisitos para participar serán os seguintes:

1. As persoas participantes deberán entregar a postal na Casa da Cultura antes do 19 de decembro de 2024 (inclusive).
2. Cubrir o formulario cos datos persoais que no momento en que entreguen a súa postal.
3. Cada persoa pode presentar como máximo dúas postais de Nadal.
4. As postais presentadas deben ser orixinais e non ter sido premiados noutros concursos.

Mecánica do concurso de postais:

- A ilustración non pode superar o tamaño dun DIN A4 (21 x 29,7 cm).
- A forma da postal é libre e a orientación pode ser vertical ou horizontal.
- O material a utilizar é libre (pintura, cera, rotulador, acuarela, lapis...).



- O contido do debuxo debe estar relacionado co Nadal.
- A postal debe ter unha breve mensaxe, esta deberá estar escrita **en lingua galega**.
- A postal **non debe conter datos persoais**, estes cubriranse nunha ficha cando se entregue o traballo na Casa da Cultura.
- **Debe figurar o lema “Nadal enOutes!”**. Pódese consultar o estilo na páxina web do concello [www.outes.gal](http://www.outes.gal)
- Quedarán descalificadas aquelas postais que inclúan mensaxes ferintes, machistas, homófobas, xenófobas ou que, en xeral, atenten contra a dignidade e os dereitos humanos.

#### **4.- Premios**

Entre tódolos traballos presentados escolleranse tres postais gañadoras. Os premios serán os seguintes:

- Categoría 1:
  - Primeiro premio: vale de 50€ para gastar no comercio local de Outes e un lote de libros en galego
  - Segundo premio: Lote de libros en galego
- Categoría 2:
  - Primeiro premio: vale de 50€ para gastar no comercio local de Outes e un lote de libros en galego
  - Segundo premio: Lote de libros en galego
- Categoría 3:
  - Primeiro premio: vale de 50€ para gastar no comercio local de Outes e un lote de libros en galego
  - Segundo premio: Lote de libros en galego

As obras premiadas pasarán a ser propiedade do Concello de Outes, podendo as persoas inscritas solicitar a devolución daquelas que non fosen premiadas unha vez transcorrido un mes da resolución das obras premiadas.

#### **5.- Xurado**

O xurado será designado polo Concello de Outes e terá unha composición de tres membros e contará coa participación do técnico de normalización lingüística. O xurado terá a competencia de interpretar as condicións e de resolver calquera circunstancia non prevista aquí recollida.

Para a esollas das postais gañadoras, o xurado reunirse unha vez finalice o prazo de presentación de postais e terá en conta a creatividade, a orixinalidade, o traballo artesanal, e o texto máis axeitado para o Nadal.

Os membros do xurado poderá outorgar os dous premios previstos en cada categoría ou ben, por motivos xustificadas, poderá conceder un único premio.



As persoas gañadoras serán notificadas polo Concello de Outes mediante chamada telefónica.

## 6.- Protección de datos persoais

O Concello de Outes tratará de forma segura e co máximo coidado todos os datos persoais. De conformidade co establecido na lexislación vixente en materia de protección de datos, as persoas participantes garanten que os datos persoais facilitados son veraces. As persoas participantes teñen dereito a acceder, rectificar e solicitar a eliminación dos seus datos a través do enderezo electrónico **normalizacion@outes.gal** indicando o motivo da petición.

## 7.- Cambios

Resérvase o dereito de modificar ou ampliar estas condicións na medida en que non prexudique os dereitos das persoas participantes no concurso.



Outes, na data que figura á marxe

**O Alcalde**  
Manuel González López

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

